



Concello de Outeiro de Rei

SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 27 DE FEBREIRO DE 2.020

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e trinta minutos do día 27 de febreiro de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez; Luis Varela Pérez; D^a Pilar Méndez Lombao; D^a María José Martínez Vigo; Dona Tania Díaz Seijas; D^a Begoña Seco Varela; D^a Elvira Lombao Vila; D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández e D^a María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta correspondente á sesión celebrada o día 26 de decembro de 2019.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, con Xavier Molinos, puntualiza que no encabezamento existe un erro, xa que alude á sesión extraordinaria cando a sesión foi ordinaria.

Non xurdindo máis intervención, sométese a votación a aprobación da acta coa corrección advertida polo concelleiro do BNG.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2. APROBACION INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NNSS DE PLANEAMENTO. DELIMITACIÓN DO NÚCLEO DE SOBORVILA

O Alcalde defende a proposta de aprobación inicial da modificación puntual das NNSS de planeamento que ten por obxecto a delimitación do núcleo de Soborvila, que abrangería a zona das casas que están preto do campo de fútbol. Esa zoa anteriormente estaba clasificada como suelo urbanizable residencial non delimitado, non obstante, coa entrada en vigor da Lei 2/2016, do solo de Galicia, acadou a clasificación de solo rústico.

Como ese asentamento reúne as condicións para a súa clasificación de solo de núcleo rural común, a petición dos veciños formulouse a proposta de planemanto, considerando que é beneficiosa para os intereses xerais.

A voceira do PSdG-PSOE preguntase porqué non se non se inclúe dentro da delimitación a totalidade das vivendas de Sobovila e qué solucións se prevén para as que quedan fora. Tamén





Concello de Outeiro de Rei

pregunta cándo se vai a iniciar a redacción dun Plan Xeral de Ordeación Municipal para este concello.

O concelleiro do BNG, Xavier Molinos, expresa o seu malestar polo feito de que non se facilitou a totalidade da documentación correspondente a este punto da orde do día con anterioridade á celebración da comisión informativa, e que intentando obtela o luns o Secretario non estaba, polo que non foi posible acadala até o día de onte, e isto non é a primeira vez que acontece.

O BNG defende dende fai tempo a conveniencia de redactar un Plan Xeral para o concello, e non somos partidarios de actuar a golpe de modificacións puntuais. Estes últimos anos levamos unha morea delas, coma a de Robra, Leiros Largos, A Franca, CC1... etc. Esta situación pode dar lugar a un agravio comparativo con outros núcleos de outras parroquias, que tamén reúnen os requisitos para a súa delimitación e, nembargantes, non se delimitan.

Conclúe que o concello vai a remolque dos problemas urbanísticos, que actúa a golpe de parches no lugar de planificar a anticiparse aos problemas que poden vir.

¿Qué sucede cos restantes núcleos non delimitados de Outeiro de Rei? ¿Qué acontece coa Vila de Outeiro?. As actuais NNSS non dan a solución a estos problemas e a as modificacións puntuais, lonxe de solucionarlos, configuran unha política urbanística a gusto do Alcalde.

O Alcalde non quere facer un Plan Xeral, xa que o Alcalde cun Plan non podería facer o que fai agora: facer o que quere onde quere.

A continuación, o concelleiro do BNG da lectura en viva voz de un extracto do informe emitido na trámite de avaliación ambiental previa, no que se advirte unha discordancia entre a delimitación proposta e a normativa vixente das NNSS, particularmente no que atinxe ao fronte mínimo e superficie mínima de parcela, que se establece en 1000 m² cando das NNSS figura 600m².

A arquitecta municipal explica que esta aparente discordancia débese a que, cando se iniciou a tramitación aínda non estaba aprobada definitivamente a modificación da normativa das NNSS que establece unha parcela mínima, a efectos de segregación, de 1000m².

O Alcalde resposta á concelleira do PSOE que quedan casas fora da delimitación porque a delimitación ten que facerse respetando os criterios impostos pola Lei urbanística vixente, xa que se non se fai así non existe perspectiva algunha de que poida aprobarse definitivamente pola Xunta de Galicia.

Espera que o retraso na remisión da documentación non se repita. Esta vez debeuse á presa de incorporar este punto á orde do día para non paralizar innecesariamente o expediente, pero non é o desexable.

O planeamento xeral -as NNSS de 1992- debe axustarse á evolución da sociedade, co gallo de facilitar a iniciativa privada e facilitar o desenvolvemento do Concello, e isto é o que facemos, e non coma pretende a esquerda, que dende o seu intervencionismo pretende que ningún se mova do que eles dín.





Concello de Outeiro de Rei

Pero nos seguiremos a actuar de este xeito, seguiremos a urbanizar as rúas do núcleo e a adaptar o planeamento ás necesidades e peticións dos veciños, e os resultados de este xeito de facer están á vista. Cando a meirande parte dos veciños soliciten unha modificación razoable e que se axuste aos intereses xerais e á lexislación, nos a apoiaremos.

Finalmente, rexeita a formulación a día de hoxe de un plan xeral, xa que dispoñemos de unhas NNSS de planeamento que están a funcionar correctamente, e a formulación dun plan xeral co actual marco normativa perxudicaría moito aos veciños.

A voceira do PsdG-PSOE considera que a formulación dun plan xeral permitiría actuar dun xeito máis obxectivo e sen andar a poñer parches continuamente.

O concelleiro do BNG anuncia que vai citar a dous intervencionistas, un é Alberto Núñez Feijó, quen a semana pasada dixo que Galicia, dende o ano 2009 triplicou o número de concellos que contan cun PXOM.

O segundo intervencionista é a sra. Ángeles Vázquez, Conselleira do ramo, quen fai dous meses, tras desvotar o proxecto do Alcalde de Ourense (a quen apoia o PP) de levantar un rañaceos de 39 plantas, dixo que o que debería facer é un PXOM, “cuestión de vital importancia para el futuro de cualquier concello”.

As NNSS de este concello, do ano 1992, están claramente obsoletas, e nos impiden avanzar en novos proxectos e medrar dun xeito sostible e ordenado. Isto mesmo o afirma a arquitecta municipal, quen califica de erro a clasificación polas NNSS de 1992 da zona de Soborvila como suelo urbanizable, xa que debido a súa densidade edificatoria é inviable o seu desenvolvemento. Pero o mesmo pasa con Santa Mariña e noutros barrios.

Por este motivo o BNG considera convinte a formulación dun PXOM, consensado coa veciñanza, e para garantir o crecemento do concello, que amplíe os núcleos existentes e que promova a economía agrícola e forestal, así como que facilite o desenvolvemento das zonas industriais. Que faga de Outeiro de Rei un lugar con servizos adaptados á súa realidade e que permita a creación de bolsas de chan público asequible ás persoas e as industrias.

O Alcalde afirma que o BNG quere o que non fai onde gobernan.

Engade que o único xeito de ter un chan público e barato é expropialo e facerse con él, salvo que o queiran quitar aos seus propietarios, o que non sería de extranar segundo a súa traxectoria.

Recorda que cada vez que se desenvolveu unha urbanización, o Concello obtivo suelo residencial ou industrial, e de feito ten varias vivendas suxeitas a protección pública.

As NNSS clasificaron inicialmente a zona de Soborvila como suelo urbanizable, pero como ben informa a arquitecta, por diversos motivos este ámbito non se desenvolveu e, como nos somos unha administración flexible, propoñemos a modificación de esta clasificación por outra máis axeitada ás necesidades actuais.

En relación ás palabras de Feijoo e máis da Conselleira, afirma compartilas, agora ben, ali onde un PXOM fai falla, e non onde non é necesario, e recorda que Outeiro de Rei xa dispón de





Concello de Outeiro de Rei

planeamento xeral (NNSS) e que si se fai agora un PXOM en Outeiro de Rei habería moito menos suelo edificable onde construír vivendas ou implantar industrias.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación inicial da modificación das NNSS. Delimitación do núcleo de Soborvila.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con nove votos a favor, pertencentes aos concelleiros do PP, e catro abstencións.

3. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE O CONCELLO DE OUTEIRO GARANTA QUE AS PERSOAS DO CONCELLO TEÑAN UNHA PISCINA PÚBLICA Á QUE PODER IR DURANTE OS MESES DE VERÁN

Fai uso da palabra o voceiro do BNG, Xosé Ferreiro, e asume a defensa da seguinte moción:

Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE OUTEIRO GARANTA QUE AS PERSOAS DO CONCELLO TEÑAN UNHA PISCINA PÚBLICA Á QUE PODER IR DURANTE OS MESES DE VERÁN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Varias xeracións de mozos e mozas do noso concello aprenderon a nadar nos cursos de verán que o concello organizaba historicamente nunha piscina sita no propio concello e á que podía acceder en relativamente boas condicións toda a poboación residente en Outeiro. Esta piscina converterase tanto nunha boa ferramenta para esa aprendizaxe da que falábamos como nun pasatempo desfrutado por moitas persoas ao longo das tardes durante estes meses de verán. O tempo que esta piscina estaba en funcionamento era inicialmente de tres meses, dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro. Este tempo de apertura foi recortado hai uns anos ata deixalo só en dous meses, dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto. Nos últimos anos, debido ao péximo estado e funcionamento desta piscina e ao escaso interese do concello para arranxar dun xeito ou outro os problemas existentes, esta piscina permaneceu pechada unha boa parte destes dous meses, deixando sen este servizo ao conxunto da veciñanza de Outeiro, cuestión que provocaba considerables molestias xa que estes peches se producían sen previo aviso. Estes peches continuados obrigou a moitos usuarios deste servizo municipal a ter que desprazarse a outros concellos da comarca para poder desfrutar deste servizo ou ben acudir a unha piscina privada, cos custes adicionais que isto leva consigo.

Todos os que coñecemos o concello de Outeiro sabemos que o número de usuarios potenciais que tería unha piscina municipal pública e ben xestionada sería moi considerable, posiblemente máis que en calquera dos concellos que nos rodea. Aínda así a realidade é que os demais concellos dispoñen deste servizo cunha boa calidade e, na práctica, en Outeiro de Rei carecemos del. Dende o BNG cremos que nun concello coa configuración social que ten o concello de Outeiro resulta unha necesidade imprescindible contar cunha piscina pública e que é unha obriga ineludible do goberno municipal garantir este servizo durante os meses de verán para que toda a poboación do concello poida desfrutala.





Concello de Outeiro de Rei

É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política de facer sempre propostas construtivas, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción do seguinte ACORDO:

O Pleno do Concello de Outeiro insta ao Goberno Municipal a que se poña a traballar para que o en Outeiro poidamos contar cunha piscina municipal de uso público e que, mentres iso non se materialice de forma concreta, que garanta polos medios que considere oportuno que a poboación do concello poida acudir durante os meses de verán a unha piscina nas mesmas condicións que se fose pública e municipal.

A continuación toma a palabra a voceira do PsdG-PSOE, quen está de acordo co contido da moción, e espera que non volte a acontecer o que aconteceu este verán, que incluso saíu no periódico.

O Alcalde recorda que dende fai moitos anos neste concello existe unha piscina para o uso público dos veciños. É certo que este ano houbo un problema puntual na piscina, pero tamén é certo que en moitos concellos as veces o auga do grifo non é potable, como para que non poida acontecer esto nunha piscina nun caso moi illado e puntual.

Afirma que o Concello non improvisa, e que adoptará as medidas necesarias para que os veciños teñan unha piscina de uso público, se non é mediante acordos coma na actualidade, será mediante outras solucións, mesmo mediante a construción dunha piscina pública. Pero non porque o pidan os concelleiros da oposición, senón porque é o que están a facer dende fai anos, mesmo con piscinas climatizadas.

O voceiro do BNG considera que é de sentido común solicitar que os veciños poidan disfrutar de unha piscina pública no verán, e máxime cando os veciños non poden acudir as zonas de baño do río en Outeiro debido ao mal estado das augas e das áreas recreativas.

E non é concebible que os veciños de Outeiro, cando no verán acuden a Bonxe para ir á piscina, se atopen a porta pechada porque a calidade da auga no cumpre a normativa vixente.

O Alcalde afirma que existe ese servizo público dende fai moitos anos, e que un problema puntual como o que aconteceu pode acontecer igualmente si a piscina é pública. Esas incidencias poden xurdir sempre, e en Outeiro foi unha incidencia moi puntual que se subsanou axiña. Esta moción parece que pide que o Concello faga o que xa está a facer.

Rematado o debate, sométese a votación a moción.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con catro votos a favor, pertencentes aos concelleiros do BNG e máis do PsdG-PSOE, e oito votos en contra da súa aprobación.

4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE O PLENO DO CONCELLO DE OUTEIRO INSTE AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO A CONSTRUIR UNHA RUTA VERDE NA LU-P3908, ENTRE AS URBANIZACIÓNS DE GUILLAR E O NÚCLEO DE MARTUL, PASANDO POLO CANEIRO DO PIAGO





Concello de Outeiro de Rei

Toma a palabra o voceiro do BNG, Xosé Ferreiro, e inicia a defensa da seguinte moción:

Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte MOCIÓN PARA QUE O PLENO DO CONCELLO DE OUTEIRO INSTE AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO A CONSTRUIR UNHA RUTA VERDE NA LU-P-3908, ENTRE AS URBANIZACIÓNS DE GUILLAR E O NÚCLEO DE MARTUL, PASANDO POLO CANEIRO DO PIAGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é ben sabido, a zona de Guillar e as súas urbanizacións estanse a converter nun dos centros residenciais máis importantes do concello, vivindo nesa zona xa máis de 600 persoas. Do mesmo xeito, esa concentración de persoas leva consigo que o número de familias que se establezan nesa zona, aínda que non sexa concretamente nas urbanizacións, tamén vaia en aumento. Esta circunstancia acontece moi claramente ao longo da estrada de titularidade da Deputación de Lugo que vai dende esas urbanizacións ata Martul (estrada LU-P-3908). Ese tramo de estrada concretamente, ten atractivos moi especiais como son Marcelle Natureza, o Caneiro do Piago e o propio núcleo de Martul, o que fai que a cantidade de persoas que circulan por esa vía de comunicación aínda sexa maior. Todas estas situacións provocan que ao longo desta estrada se atopen case todo o ano multitude de persoas paseando, a pé ou en bicicleta, ou facendo deporte pola propia estrada, dado que non existen beirarrúas ou arcéns polos que poder desprazarse. Tampouco existen camiños alternativos paralelos á propia estrada que permitan levar a cabo este tipo de actividades. Ademais, como circunstancia aínda máis grave, moitas desta persoas son maiores ou trátase de nenos e nenas, colectivos máis vulnerables cara a posíbeis accidentes en vías de comunicación sen as medidas de seguridade pertinentes. É por iso que a existencia dunha ruta verde, un carril separado da estrada polo que puideran circular as persoas a pé ou facendo deporte así como as propias bicicletas, faise case imprescindible e daría un importante valor engadido e esta zona.

Ademais, dado que moitas destas persoas son persoas maiores que usarían esta ruta como lugar de paseo e de relación social con outras veciñas e veciños, sería imprescindible que se habilitaran ao longo do seu recorrido áreas de descanso cos bancos necesarios e demais equipamento característico deste tipo de áreas.

Nos últimos tempos vimos como a Deputación Provincial inviste fondos que construír vías verdes ou carrís para bicicletas en varias zonas da provincia, incluíndo varias actuacións deste tipo no propio concello de Lugo, carrís que teñen os mesmos obxectivos que aquí perseguimos, polo que parece bastante coherente solicitar que neste transitado tramo de estrada da súa propiedade actúe do mesmo xeito.

Por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política de facer sempre propostas construtivas, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción do seguinte ACORDO:

O Pleno do Concello de Outeiro insta ao Goberno da Deputación de Lugo para que proceda a construír na maior brevidade posible unha ruta verde no tramo da súa titularidade da estrada provincial LU-P3908, entre as urbanizacións de Guillar e o núcleo de Martul, pasando polo Piago, coas áreas de descanso debidamente equipadas que lle correspondan.





Concello de Outeiro de Rei

A concelleira do PsdG-PSOE expresa a súa conformidade coa proposta contida na moción, se ben engade que Outeiro de Rei, debido a súa beleza paisaxística, debería ter moitas máis rutas, coma na parte norte e non soamente na parte do río.

O Alcalde informa que o Concello ten moitas rutas, coma a do Miño, que bordea o río no seu paso pola totalidade do termo municipal de Outeiro de Rei; outra que vai dende Castro até o Piago pola marxe esquerda, e dende o Piago por ámbalas dúas marxes; a ruta do miradoiro da Terra Cha e unha ruta arqueolóxica que se acaba de poñer en marcha (Martul, Parada, Aspai...). Así que Outeiro de Rei non vai precisamente á cola en rutas.

No que atinxe á ruta que se propón na moción, e que discorre a carón da estrada Provincial, manifesta a súa sorpresa de que propoña facer unha vía verde por esta estrada provincial cando a rede viaria provincial está feita un auténtico desastre.

O Alcalde asegura que lle parece ven a ruta verde, pero considera moitísimo máis urgente reparar as estradas provinciais, que nalgúns puntos son intransitables, e parcélle increíble que presente esta moción cando apoian ao Goberno da Deputación Provincial e cando na lexislatura anterior formaron parte do Goberno Provincial.

Tamén recorda que fai uns anos presentaron unha moción para facer unha ruta verde pola parte de Guillar até o termo municipal de Lugo. E afirma que, a día de hoxe, a parte de Outeiro de Rei está feita e a de Lugo, onde curiosamente goberna o PSOE máis o BNG, non fixo nada.

E tras este sinsentido, propoñen ante este Pleno que a Deputación faga a ruta verde. Pois que a faga.

Anuncia que o Concello xa acadou acordos con algún propietario para conectar a zoa de Guillar co paseo do Miño, para que os veciños de Guillar poidan pasear até o Miño, o Piago e mesmo Santa Isabel.

Agora ben, este goberno municipal considera que a Deputación debe priorizarse o investimento en manter as estradas provinciais axeitadamente. Ou mesmo que arranxen a ponte provincial de Gaioso, que a día de hoxe está intransitable dificultando moitísimo a mobilidade de un 20% dos veciños de Outeiro de Rei.

O voceiro do BNG sorpréndese da intervención do Alcalde, xa que fai uns meses o Alcalde votou en contra da ampliación da estrada provincial de Mosteiro, ou de arranxar unha das estradas máis intransitables que é a de Bonxe a San Fiz, co único argumento de que non propoñían amañar outras. Pois o BNG seguirá a propoñer que se arranxen máis estradas, xa que o estado da rede viaria provincial é lamentable e insostible.

O que non se pode facer é opoñerse sistemáticamente as mocións que presenta o BNG, e proponlle ao Alcalde que presente unha moción para arranxar as estradas provinciais, ou mesmo que ámbolos dous manteñan unha reunión conxunta co Presidente da Deputación para intentar que amañe a rede viaria provincial.

Conclúe afirmando que ésta é unha moción constructiva, e augura que o PP oporase ésta e as vindeiras veces que propoñan un acordo plenario solicitando o arranxo das estradas provinciais, até que aconteza algunha desgraza.





Concello de Outeiro de Rei

A voceira do PsdG-PSOE recórdalle ao Alcalde que está a representar a tódolos veciños, de tódalas orientacións políticas, e que debe velar por todos eles.

O Alcalde asegura ser perfectamente consciente delo, pero parécelle unha tomadura de pelo que quen goberna a Deputación de Lugo, solicite perante o pleno do Concello de Outeiro de Rei que a Deputación arranxe unha vía provincial, cando non é necesario para iso a autorización municipal, e cando ten a obriga de manter en perfecto estado as súas estradas.

E parécelle especialmente grave que as estradas provinciales estén ben amañadas nalgúns concellos, e en outros -como Outeiro de Rei- estén feitas un desastre, dependendo qué partido governe en cada concello.

E insiste en que antes de facer unha sende verde, debe escomenzarse polo básico, que é arranxar as estradas para os vehículos poidan circular por elas en condicións de seguridade e arranxar a ponte de Gaioso. E mentras non se faga esto, non poden apoiar a construción de esta ruta verde, ou de outra dende a prisión de Bonxe a Mosteiro.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta rexeitada con oito votos en contra e catro votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PsdG-PSOE.

5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE CON GALICIA

O voceiro do grupo municipal do PP asume a defensa da moción do seguinte teor literal:

José Pardo Lombao, na súa calidade de voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensualidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra de Hacienda e portavoz do goberno alegou que era unha cuestión que "tocaba en el año 2019" e que "ya se perdió esa oportunidad de poder resarcir", culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de Presupuestos Generales del Estado.

Esta explicación non só carece de fundamento xurídico algún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus Orzamentos.





Concello de Outeiro de Rei

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do IVE son cartas de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, Deputacións Provinciais e Entidades Locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranse á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nasa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños/as do naso Concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación. Ante esa situación tan alarmante para Galicia e para a provincia de Lugo, facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial do Partido Popular insta ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei, a adoptar os seguintes acordos:

1. Declarar o apoio do Concello de Outeiro de Rei, á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.

2. Declarar o apoio deste Concello, á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.

3. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia.

O que se traslada ao Pleno da corporación municipal aos efectos indicados, en Outeiro de Rei, a 20 de febreiro de 2020.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra a voceira do PsdG-PSOE, quen asegura que esta situación é consecuencia de unha modificación legislativa promotiva por Montoro e aprobada en tempos de Rajoy co silencio de Núñez Feijóo. A situación xerada por esta modificación normativa afecta a varias CCAA, non soamente a Galicia.

Ante esta situación, a voceira do PsdG-PSOE, presenta unha emenda á moción presentada polo PP, de xeito que a parte dispositiva quede substituída pola seguinte:

1. Reclamar a reforma urxente do modelo de financiamento autonómico para garantir a autonomía e suficiencia das comunidades autónomas e singularmente Galicia, para prestar os servizos da súa competencia en igualdade de condicións co conxunto de España.





Concello de Outeiro de Rei

2. Demandar a aprobación rápida dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2020 que permitan normalizar a relación financeira entre a Administración Xeral do Estado e as CCAA.

3. Neste marco, promover unha solución para o IVE desprazado do 2017 ao calendario previo á reforma Montoro de 2017.

O voceiro do grupo municipal do PP afirma que, aos puntos contidos na moción do PP, pódese engadir o primeiro punto proposto polo PSOE, e tamén o segundo punto (aprobación dos orzamentos), agora ben, quen ten que aprobar os orzamentos é o PSOE e os seus socios, non o PP, Ou quere que os aprobe o PP uns orzamentos feitos pola esquerda e a extrema esquerda?.

O terceiro punto non ten sentido, xa que o PSOE goberna dende o 2018 e ben puido pagar dende aquela o IVA de 2017.

Oferta á voceira do PsdG-PSOE engadir aos puntos da moción do PP, os puntos primeiro e segundo da emenda presentada, nos seguintes termos:

1. Reclamar a reforma urxente do modelo de financiamento autonómico para garantir a autonomía e suficiencia das comunidades autónomas e singularmente Galicia, para prestar os servizos da súa competencia en igualdade de condicións co conxunto de España.

2. Demandar a aprobación rápida dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2020.

A voceira do PsdG-PSOE contesta que, si non se inclúe o terceiro punto, non pode aceptar.

O voceiro do PP rexeita a emenda, xa que non se pode xustificar baixo ningún concepto que o Estado non pague a súas débedas. Iso é trilerismo político.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con once votos a favor e unha abstención, pertencente á concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE.

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A ACEPTAR AS ALEGACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA E DOS TRABALLADORES DE ALCOA-SAN CIBRAO AO PROXECTO DO ESTATUTO DOS CONSUMIDORES ELECTROINTENSIVOS

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do PP, da moción do seguinte teor literal:

JOSE PARDO LOMBAO, na súa calidade de voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A ACEPTAR AS ALEGACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA E DOS TRABALLADORES DE





Concello de Outeiro de Rei

ALCOA-SAN CIBRAO AO PROXECTO DO ESTATUTO DE CONSUMIDORES ELECTROINTENSIVOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En toda a comarca da Mariña lucense e no conxunto da provincia causa profunda preocupación a proposta dada a coñecer polo Goberno central do Estatuto de Consumidores Electointensivos, porque non recolle as medidas esenciais para garantir o futuro de Alcoa - San Cibrao, propostas pola Xunta de Galicia e polos representantes dos traballadores. Co actual contido do Estatuto, o Goberno central vai na dirección correcta só se quere pechar a industria electointensiva galega.

É imprescindible un prezo estable e competitivo da enerxía eléctrica e precísase unha rebaixa do mesmo ata os 35-40 €/MWh. O Goberno central, presidido por Pedro Sánchez, leva máis dun ano para aprobar un Estatuto de consumidores electointensivos e a proposta que acaba de presentar non da solución real ao problema do prezo da enerxía eléctrica, que pode acabar por provocar o peche de Alcoa-San Cibrao. Comunidades como Cataluña e País Vasco saen máis favorecidas que Galicia. Pasamos de 119 posibles empresas beneficiarias a 276 no borrador e 600 no actual (só 31 en Galicia).

É unha falta de respecto institucional e unha deslealdade con Galicia que o Goberno central non convocase á Xunta de Galicia á presentación da súa proposta de Estatuto.

As medidas avanzadas polo Goberno son insuficientes. Son as mesmas que se presentaron á mesa de traballo na que a propia Alcoa xa lle advertiu de que eran insuficientes.

Consideramos que Galicia precisa un prezo eléctrico competitivo e estable: rebaixar o prezo ata os 35-40 €/MWh para que a industria electointensiva traballe en igualdade de condicións co resto de Europa. Este Grupo esixe ao Goberno que deixe de xogar cos traballadores, porque está en xogo o futuro de miles de familias. Tamén está en risco o futuro da industria enerxética en Galicia. O Índice de Producción Industrial na Enerxía caeu un -21,9% en Galicia por culpa da situación da industria electointensiva e das térmicas. Sen o efecto da enerxía, o IPI en xeral medraría en Galicia un 1,7%.

Reclamamos que o Goberno central recapacite e no período de alegacións inclúa as propostas da Xunta e dos traballadores de Alcoa-San Cibrao para garantir o seu futuro. Os traballadores están seriamente preocupados e séntense en situación de indefensión. Periga o futuro de moitas familias e tamén periga o futuro da industria enerxética en Galicia.

Por iso, a apertura do prazo de presentación de alegacións fai urxente a adopción do acordo pala corporación municipal para que sexan tidas en conta as citadas propostas.

Entendemos que é preciso instar ao Goberno a reformar o Estatuto, con respecto ao proxecto presentado, de xeito que dea resposta ás necesidades de Alcoa-San Cibrao, unha industria fundamental para A Mariña, pero tamén para toda a provincia de Lugo.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular eleva ao Pleno da corporación municipal a presente moción, para instar ao Goberno central a aceptar as alegacións da Xunta de Galicia e dos traballadores de Alcoa- San Cibrao ao proxecto do Estatuto de Consumidores Electointensivos, e propón o seguinte ACORDO





Concello de Outeiro de Rei

Instar ao Goberno central a introducir no texto do Estatuto de Consumidores Electointensivos as propostas da Xunta de Galicia e dos traballadores de Alcoa -San Cibrao para conseguir un marco estable e competitivo que sitúe a esta industria de Lugo en igualdade de condicións co resto de competidores da U.E e garanta o futuro de Alcoa -San Cibrao.

O que se traslada ao Pleno da corporación municipal aos efectos indicados, en Outeiro de Rei, a 20 de febreiro de 2020.

Rematada a defensa da moción, os voceiros dos grupos municipais do BNG e máis do PdsG-PSOE, anuncian que votarán a favor da súa aprobación.

O voceiro do grupo municipal do PP agradece o apoio, e espera que si esta unanimidade se xeneraliza en tódolos sitios, o problema poida solucionarse.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

7. ROGOS E PREGUNTAS

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura en viva voz do escrito escrito de moción reconvertido en rogo:

Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Xabier Molinos Campos, concelleiros e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte MOCIÓN RELATIVA Á LIMPEZA DE BEIRARRÚAS, CUNETAS E DESBROCE DE CRUZAMENTOS E BIFURCACIONES DE PISTAS, CAMIÑOS E ESTRADAS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das facetas onde mellor se percibe o tipo de xestión que leva a cabo o Concello de Outeiro de Rei é todo o que ten que ver coa limpeza, tanto no referente á limpeza de cunetas, desbroce de pistas como ao estado da limpeza das beirarrúas nas zonas urbanas do Concello. As persoas que residen nas urbanizacións do Concello e na vila de Outeiro cumpren coas súas obrigas fiscais igual que o resto de veciños e veciñas. Do mesmo xeito, cando fixeron as súas obras ou pediron os servizos necesarios satisfíxeron as taxas municipais cando menos igual que o resto de habitantes do Concello. En todas as parroquias do Concello, aínda que resulta totalmente insuficiente, lévase a cabo unha limpeza anual con desbrozadora dos camiños e pistas municipais. No caso das urbanizacións, as súas rúas e beirarrúas rara vez se limpan con auga a presión por parte do Concello; sendo os propios veciños e veciñas quen teñen que facelo. A limpeza das cunetas, ou máis ben a súa falla, sobre todo en certas épocas do ano, se está a producir a miúdo en causa de incidentes e, nalgúns casos, de accidentes. Ademais de todo isto, hai que ter en conta que a responsabilidade do estado e limpeza das vías de competencia municipal recae a todos os efectos sobre o concello e é a súa obriga mantelas en perfecto estado e non nos veciñ@s que nalgúns casos vense na obriga de limpar metros e metros de cunetas para evitar asolagamentos das súas propiedades (vivendas ,alpendres,





Concello de Outeiro de Rei

fincas...). E outro tanto pasa co desbroce das beiras das pistas e estradas municipais. A falta de hixiene nas beirarrúas, as cunetas entulladas e as beiras das pistas feitas unha selva afectan directamente aos veciñ@s, pero tamén aos transeúntes que desta forma transmiten unha imaxe negativa do noso Concello. Tod@s pagamos por ter un Concello limpo e ben coidado.

Por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG, e desde unha total responsabilidade, o BNG PROPÓN ao Pleno municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte MOCIÓN

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde, ou ao organismo que corresponda segundo as competencias legalmente establecidas, para que poña en marcha os mecanismos necesarios para:

Que se programen limpeza periódicas das cunetas das vías municipais, facendo un especial fincapé nas zonas que poden representar un perigo para a circulación. 2. Que se proceda, o antes posíbel, á limpeza de maleza das inmediacións de todos os cruzamentos e bifurcacións existentes nas vías de competencia municipal. 3. Que se realice por parte do concello e de xeito periódico a limpeza con auga a presión das beirarrúas en todos os sitios onde existen. 4. Que se inclúan nos orzamentos do ano 2020 as partidas económicas necesarias para facer fronte aos gastos que poidan ter estas actuacións.

O Alcalde explica que neste escrito o BNG está a rogar o que o Concello fai tódolos anos e que se seguirán facendo.

Acto seguido, o Secretario da lectura en viva voz do seguinte escrito de preguntas:

Dona M^a del Carmen Acacio López, na súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, comparece e como mellor en Dereito proceda di:

Que ao abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a expoñer aos órganos de goberno as seguintes preguntas:

1- Hai unhas dúas semanas, levaron uns tubos para albergar cables para a electricidade e uns rexistros nas inmediacións da Palloza. Segundo comentan, parece que están destinados á electricidade que se levará ao circuito de Robra e tamén aproveitarán para levala a dita Urbanización. Poderían aclararlles aos veciños e veciñas interesados cal é o seu fin?.

O Alcalde resposta que o fin é levar a electricidade ao circuito de Robra e, de paso, aproveitar a infraestrutura para facilitar a conexión da urbanización de A Palloza.

1- No pleno celebrado o 31 de outubro de 2019 e a proposta do Grupo do BNG, rexeitouse en votación unha moción, que tamén foi apoiada polo Grupo Socialista, para instar ante a Deputación a petición de actuacións nas estradas provinciais LU-P-3907 e a LU-P-3906, que tantos problemas están carrexando á veciñanza afectada polo perigo do seu actual deseño, no primeiro caso, e a case impracticabilidade no caso da segunda. Vostedes rexeitárona no devandito Pleno, renunciando, segundo o pensamento desta Voceira, a unha defensa de gran parte dos veciños de Outeiro de Rei nunha zona en desenvolvemento. Teñen pensado actuar de algún outro xeito, deixando de lado os intereses partidistas e electorais e





Concello de Outeiro de Rei

poñendo por diante os de todo o conxunto de habitantes de Outeiro? Como van solucionar este problema?

O Alcalde asegura que, dende fai doce anos, o Concello podería traer a cada pleno unha moción instando á Deputación para que asuma a súa obriga de arranxar as estradas provinciais. O que non ten sentido é que unha concelleira do PSOE pregunte ao goberno do Concello de Outeiro de Rei qué vai facer para que a Deputación (gobernada polo PSOE) arranxe as estradas provinciais.

2- *Dada a precaria situación na que se atopa a planta alta do Centro Cultural no que se celebran diferentes cursos ofertados por este Concello no seus programas culturais anuais, por exemplo Bailes de Salón, Pilates, Tekwondo ou mesmo Ioga: Ten pensado este Goberno tomar medidas para poder levar a cabo ditas actividades sen prexuízo das persoas e nenos e nenas que a eles acoden?.*

O Alcalde asegura que, cando as condicións climatolóxicas o permitan, arranxarán o tellado e pintarán por dentro para que esté en perfecto estado.

3- *Por outra banda, e tamén unha pregunta relacionada co devandito Centro Cultural: Que medidas adoptou este Goberno para non despilfarrar a calefacción cando, dende que esta Voceira ten coñecemento e testemuño, hai que abrir as xanelas para non abafar pois non hai control do momento no que se acende ou apaga a mesma?*

O Alcalde non desvota que poda facer falla máis control, agora ben, nese local hai actividades practicamente dende que abre até as nove ou dez da noite, e non podemos ter persoal durante toda esa fanxa horaria, polo que deben responsabilizarse os monitores e trataremos que iso non suceda, xa que non pode ser que se consuma calefacción cando non é necesaria.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión, sendo as quince horas e trinta minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde

